

Plan de Igualdade

J. Martín Sarmiento

Data aprobación Claustro:
21_12_2020
Data aprobación Consello
Escolar:
21_12_2020

INTRODUCCIÓN.....	3
0. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO	4
1. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGTBIFOBIA	5
2. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO PLAN	6
2.1 Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes	6
2.2 Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.....	6
2.3 Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual	7
2.4 Prevención, detección e intervención en casos de LGTBifobia.....	7
3. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTEs ÁMBITOS.....	7
3.1 Organización do centro	7
3.2 Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.....	8
3.3 Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo	8
3.4 Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar	8
4. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN	9

INTRODUCCIÓN

A coeducación é un estilo educativo, un proceso de transformación social que apunta a unha convivencia entre os sexos afastada da opresión mútua e tendente a unha relación de xustiza e respecto e en interese dunha formación integral e unha efectiva igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

A educación debe levarse a cabo dende unha perspectiva integral e de xénero, que contribúa a previr todo tipo de situacións de violencia, e en particular a de xénero. Nos últimos anos observouse un aumento das condutas discriminatorias e dos estereotipos sexistas entre o alumnado dos centros educativos que inflúen no desenvolvemento da súa identidade e en como se manifesta na convivencia escolar, o que orixina un aumento dos conflitos e a resolución non pacífica destes conflitos entre os rapaces e as rapazas.

É preciso polo tanto prestar atención ao proceso de convivencia nos centros educativos para conseguir que se valoren de maneira igualitaria as capacidades, os intereses e as achegas das nenas e dos nenos e favorecer deste xeito as relacións de igualdade e de respecto, o que repercutirá non só nunha mellor convivencia escolar senón tamén nunha sociedade máis igualitaria.

A igualdade real e efectiva entre mulleres e homes debe ser para toda a comunidade educativa do noso centro un principio básico e un dereito fundamental, que debe ser exercido e controlado diariamente, para estes efectos:

- Nomearase unha **persoa responsable** en materia de igualdade no **Consello Escolar**.
- Activaranse **medidas de intervención** para abordar condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.
- Concretaranse os **obxectivos coeducativos** a través dos **plans do centro** e difundiranse entre os distintos membros da comunidade educativa para a súa información e sensibilización.
- Concretaranse os contidos dunha **educación afectiva-sexual integral** para todo o alumnado do centro.
- Promocionarase unha **orientación laboral e profesional libre de estereotipos** de xénero.
- Realizaranse **actividades** dirixidas a todo o alumnado co gallo das **datas sinaladas** no calendario escolar oficial (25 de novembro, 8 de marzo e celebracións LGTBI).
- Continuidade co traballo en prol do fomento efectivo da igualdade a través do **Consello da muller nova** constituído no centro.

0. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO

A **Constitución española de 1978** recoñeceu no **artigo 14** a igualdade ante a lei por razón de sexo, pero, máis alá dese recoñecemento formal, estableceuse no **artigo 9.2** que é unha obriga dos poderes públicos promover as condicións para que esa igualdade sexa real e efectiva e, de xeito moi similar, o noso Estatuto de autonomía atribúelles a mesma obriga aos poderes públicos no ámbito da nosa Comunidade Autónoma, de tal xeito que a promoción da igualdade debe estar presente en toda a actividade administrativa autonómica e en concreto na que ten que ver coa regulación e co fomento da educación, materia na que tamén o Estatuto atribúe competencia plena á nosa Comunidade Autónoma en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades sen prexuízo do disposto na Constitución e nas leis orgánicas para a competencia estatal.

No marco da Unión Europea, a igualdade entre homes e mulleres constitúe un dos principios de actuación das institucións comunitarias que deben ter presente en todas as súas accións. Isto figura recollido no **artigo 8 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea**. No eido concreto da educación a Resolución do Parlamento Europeo, do 9 de xuño de 2015, sobre a estratexia da UE para a igualdade entre mulleres e homes despois de 2015, considera que os estereotipos de xénero seguen tendo unha grande influencia no ámbito educativo e destácase o papel decisivo que desempeña a educación e a capacitación na loita contra eses estereotipos e para poñer fin á discriminación baseada no xénero, así como os seus efectos positivos para as mulleres e para a sociedade e a economía en xeral.


O artigo 1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, na súa redacción dada pola Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, establece como principio da educación **“o desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero”**. No artigo 2 dise que o sistema educativo se orientará á consecución de determinados fins, entre os que salienta a **“educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres (...)”**. No artigo 23 no seu apartado c, entre os obxectivos a acadar na educación secundaria está **“Valorar e respetar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rechazar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres”**. Do mesmo xeito, o Artigo 24 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade de mulleres e homes, recolle de maneira extensa a **“Integración do principio de igualdade na política de educación”**.

O Decreto **lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro**, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade establece: o currículo regulador do sistema educativo, erradicación de prexuízos nos centros docentes, inclusión da realidade LGTBI nos plans de estudos, actitudes, formación do persoal docente, divulgación da realidade LGTBI entre as ANPA e combater o acoso e favorecer a visibilidade (artigos 17, 18, 22, 23, 24, 25 e 26).

Dentro da contextualización normativa do centro procederemos ao longo do segundo e do terceiro trimestre á actualización dos documentos normativos do centro conforme a lexislación mencionada: Proxecto Educativo de Centro, Normas de Organización e Funcionamento, Plan de Convivencia e Plan de Acción Titorial

1. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGTBIFOBIA

No curso 2019-20 a comunidade educativa do IES Frei Martín Sarmiento está formada por 1099 matrículas de alumnado, 102 docentes, 12 de persoal non docente e 19 integrantes do consello escolar, distribuídas da seguinte maneira:



Os datos presentados mostran que o claustro está formado maioritariamente por mulleres, o cal reflíctese na constitución do consello escolar, da Comisión de Coordinación Pedagóxica e do equipo directivo, onde o número de mulleres supera aos dos homes.

En canto ao alumnado total os datos son paritarios, pero cabe sinalar que no ensino non obrigatorio aumenta o número de mulleres con respecto ao dos homes, sobre todo en Bacharelato.

Onde aínda permanecen os roles de xénero dun xeito máis significativo é na FPB de Mecanizado e montaxe onde nunca houbo matriculada unha alumna. Este é unha debilidade do centro que hai que analizar e atallar na medida do posible.

No que respecta á titulación, na educación obrigatoria é superior o número de mulleres que titulan. No curso 2018-19 obtiveron o título de graduado na ESO 40 alumnas fronte a 32 alumnos. Tamén é superior o número de mulleres que obteñen o título de bacharelato, nunha proporción un pouco maior, 24 mulleres fronte a 14 homes. Estes datos obviamente varían cada curso, pero a tendencia é que na ESO e Bacharelato titulen máis alumnas que alumnos, xa que o número de alumnado feminino é superior ao masculino.

Nos ciclos formativos hai paridade na obtención do título, coas variantes propias da matrícula.

Non ocorre o mesmo na obtención da titulación na FPB, onde apreciamos un rol de xénero moi marcado. Na FPB de Fabricación Mecánica titulan so 11 homes xa que non hai matrícula feminina. Tal e como se cita anteriormente esta é unha debilidade do centro que ten marxe de mellora.

No que respecta ao rexistro de condutas leves contrarias á convivencia apreciamos que hai un maior número de alumnos apercibidos que de alumnas. A diferenza redúcese canto menor é a idade do alumnado (1º e 2º da ESO). No que se refire ás condutas gravemente prexudiciais contrarias á convivencia o número de alumnos apercibidos e sancionados é amplamente superior ao das alumnas.

Non se aprecian, nin hai constancia de apercibimentos de conducta por comisión de actos de discriminación contra membros da comunidade educativa por razón de sexo ou orientación e identidade sexual.

En canto ás actividades extraescolares hai que destacar que o Club de Lectura Bradomín sempre estivo formado maioritariamente por alumnas, igual que a participación nos programas educativos internacionais (Erasmus+ e intercambio con USA).

2. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO PLAN

2.1 Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes

Liñas de actuación:

- Garantir a integración transversal da incorporación da perspectiva de xénero e do principio de igualdade de oportunidades na documentación organizativa dos centros educativos.
- Fomentar a elaboración, elección e uso de materiais didácticos inclusivos e coeducativos.
- Adaptación de materiais de apoio e orientacións para afondar no desenvolvemento da competencia social e cidadá desde a igualdade e non discriminación.
- Actuacións de sensibilización dirixidas á comunidade educativa e difusión das boas prácticas realizadas polo centro.
- Facilitar modelos profesionais e vitais diversos que rompan roles de xénero e que favorezan unha perspectiva aberta, plural e positiva.
- Visibilizar e eliminar os estereotipos que persisten na sociedade respecto dos ámbitos de realización persoal e profesional e promover no alumnado, tanto de educación secundaria como de Formación Profesional, unha elección do futuro académico e profesional libre de estereotipos de xénero.

2.2 Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero

Liñas de actuación:

- Fornecemento de programas e materiais sobre a socialización preventiva da violencia

de xénero baseados en evidencias científicas.

- Actividades de sensibilización, información, formación intervención para toda a comunidade educativa, en ambientes de socialización cibernéticos (redes sociais, mensaxería instantánea, videoxogos en liña, etc).
- Elaboración de programas educativos enfocados ao traballo de aula das relacións persoais, afectivas e sexuais co fin de identificar as condutas prexudiciais para o desenvolvemento de relacións persoais tóxicas e de sometemento.
- Apoio ao alumnado vítima de violencia de xénero e ás persoas que vivan nos seus fogares esta situación. Traballarase en coordinación con servizos sociais e con xustiza.
- Favorecer a investigación e intervención do alumnado sobre o seu contorno para detectar situacións, imaxes, actitudes... que actúen a favor dos roles de xénero marcados, os estereotipos, a presión social e a violencia por razón de xénero.

2.3 Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual

Liñas de actuación:

- Colaboración con axentes socio-educativos e de formación en materia de saúde, para a abordaxe integral da saúde afectivo-sexual entre todos os membros da comunidade educativa.
- Formar na autoestima e autonomía persoal ao alumnado de maneira que permita relacións de xénero respectuosas.
- Promover a detección precoz e a intervención ante posibles casos de falta de respecto á diversidade afectivo-sexual.

2.4 Prevención, detección e intervención en casos de LGBTfobia

Liñas de actuación:

- Actividades de sensibilización, información, formación e intervención para toda a comunidade educativa.
- Orientar en materia convivencia no que respecta á diversidade de xénero e afectivo, sexual, así como á igualdade e non discriminación.
- Prevención e detección precoz daquelas condutas que se integran no gradiente da violencia de xénero e LGTBfobia.
- Apoio ao alumnado vítima de LGTBfobia mediante a elaboración dun protocolo de actuación.
- Apoio ao alumnado trans mediante a aplicación do protocolo da consellería para o alumnado transxénero e seguimento do mesmo a través do consello da muller nova, instaurado no centro fai dos cursos.

3. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTEs ÁMBITOS

3.1. Organización do centro

- Favorecer a representación de homes e mulleres nos órganos de decisión e representación de xeito equitativo.
- Nomear unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar para participar no impulso do Plan de igualdade.
- Difundir o plan entre os distintos axentes da comunidade (con especial atención ás familias).
- Promover a formación do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade.
- Empregar unha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro.

- Colaborar con outras entidades na realización de actividades coeducativas.
- Concretar actividades arredor das datas coeducativas do calendario escolar (25 de novembro, 8 de marzo, celebracións LGBTI etc.).
- Concretar o desenvolvemento curricular da educación afectivo-sexual integral para todo o alumnado do centro.
- Concretar o desenvolvemento curricular da orientación laboral e profesional libre de estereotipos, poñendo o foco na incorporación aos itinerarios na ESO, ás modalidades no bacharelato e aos ciclos de formación profesional.
- Promover pautas de actualización curricular e revisión do material didáctico con perspectiva de xénero.
- Ofertar materias específicas de igualdade de xénero, dentro das posibilidades docentes do centro.
- Participar en programas específicos de igualdade de xénero para traballar a coeducación desde o currículo etc.

3.2 Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.

- Revisar as programacións didácticas e a práctica docente desde unha perspectiva de xénero: para incluír as mulleres relevantes en cada ámbito do saber, os saberes asociados tradicionalmente ás mulleres, as desigualdades de xénero, para completar a historia da humanidade...
- Revisar o material didáctico empregado na aula (valores, normas, representacións, selección dos contidos, dos personaxes, das imaxes, do linguaxe, da proposta de actividades).
- Realizar actividades de sensibilización na aula.
- Realizar actividades de información e sensibilización coas familias.

3.3 Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.

- Difundir información a través dun taboleiro no centro.
- Promover lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar.
- Revisar a idoneidade dos contidos audiovisuais das actividades do centro.
- Revisar a idoneidade das entidades colaboradoras co centro en canto ao respecto á diversidade sexual e de xénero, poñendo o foco nas empresas.
- Empregar contidos de actualidade para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara á igualdade real.
- Xestionar as actividades e da ocupación do patio para favorecer a inclusión.
- Promover a cooperación nos espazos tecnolóxicos.
- Promover a prevención ante a discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual dende o ámbito da orientación educativa e vocacional.
- Previr o acoso sexual, por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero do alumnado na realización da fase de prácticas na empresa como parte da prevención de riscos laborais.
- Promover a participación do sexo menos representado nas actividades científicotecnolóxicas, deportivas, artísticas, de coidado etc.

3.4 Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.

- Promover o respecto e do bo trato entre mulleres e homes.
- Promover actividades de coidado entre persoas, do medio ambiente etc.
- Promover o respecto cara á diversidade sexual e de xénero.
- Promover metodoloxías activas participativas e cooperativas.
- Promover a corresponsabilidade na realización das tarefas.
- Promover a corresponsabilidade na realización das tarefas.

4. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.

Para conseguir os mellores resultados co desenvolvemento do Plan de Traballo, levaremos a cabo unha avaliación continua que nos permitirá se os obxectivos expostos están a ser os adecuados e se as actividades propostas son as correctas para lograr os obxectivos propostos e así poder realizar as modificacións oportunas.

Valorarase o grao de implicación de cada un dos membros que compoñen a nosa comunidade educativa, así como a coordinación entre eles e o grao de aceptación das distintas propostas. Esta avaliación continua complementarase cunha avaliación final onde se valoren os resultados obtidos, as posibles melloras, erros cometidos, necesidades e grao de satisfacción coa experiencia.

Para todo iso, empregaranse, entre outros, os seguintes métodos de avaliación:

- Revisión dos obxectivos e actividades expostas.
- Avaliación das actividades propostas.
- Reunión de seguimento cos titores
- Seguimento da idoneidade das actuacións desenvolvidas dentro do consello escolar.
- Memoria do proxecto. Unha vez realizada a avaliación e a memoria do presente plan, incluíranse no plan de mellora para o próximo curso aquelas medidas que se consideraron oportunas para a mellora do seu desenvolvemento e consecución de obxectivos.

